

VIDEO FORUM MULLER E DEPORTE


CONQUISTA OS ELEMENTOS

BASEADO NO DOCUMENTAL "CONTRA OS ELEMENTOS"



A CAMPAÑA


CONQUISTA OS ELEMENTOS, é unha campaña impulsada pola Deputación da Coruña para xerar coñecemento e conciencia en torno ao deporte Feminino. Para iso propoñemos a realización de 23 vídeo forums en diferentes localidades da Provincia; nestes vídeo forums poderemos asistir á proxección do documental titulado "CONTRA OS ELEMENTOS", producido tamén pola Deputación da Coruña e que está composto por catro pezas, cada unha delas identificadas cun elemento da natureza: terra, auga, lume e aire. Ao finalizar a proxección teremos a posibilidade de participar na charla coloquio a cargo de diferentes deportistas.



A desigualdade existente no deporte entre homes e mulleres non é un fenómeno "de hoxe", é o resultado dun proceso histórico no que influíron factores moi diversos. O que nós buscamos a través desta campaña é axudar á visibilización do deporte feminino e ás súas protagonistas.

Os vídeo forums serán áxiles, dinámicos e participativos, respectando unha estrutura de "principio, nó e desenlace" na que tras as presentacións protocolarias en cada un dos Concellos, realizaremos a proxección reservando o último acto para o debate e exposición de ideas a cargo das e dos conferenciantes que convidaremos a cada un destes vídeo forums. A duración máxima estimada é de 2 horas.

A actividade é aberta a todo o público.



OBXECTIVOS

- Fomentar a participación das mulleres na práctica de actividades físico-deportivas en igualdade de condicións que os homes, superando as barreiras que a día de hoxe dificultan a equidade de xénero.
- Promover un cambio na información deportiva dende a perspectiva da linguaxe escrita e icónica, que elimine os estereotipos e sexa quen de xerar referencias acordes á competencia deportiva feminina.
- Coeducar en igualdade de oportunidades para a eliminación dos estereotipos existentes en canto á muller e o deporte.
- Xerar espazos de debate e reflexión da necesidade de reivindicar o papel das mulleres no deporte así como fomentar o deporte de base e o de elite.
- Recoñecer os éxitos deportivos das mulleres.



Deputación
DA CORUÑA



IGUALDADE DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Tfno.: 981 576 469

www.conquistaoselementos.gal